F22ES-02911916	20/12/2022	4.803,40 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	160	22100
F22ES-02915984	20/12/2022	49,57 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	165	22100
F2022- 194	21/12/2022	635,25 €	PRODUCTIONS TEATRAIS TALIA, S.L.	334	22609
Emit-2203 0000085	23/11/2022	159,50 €	NCC GALICIA, S.L	912	22601
Emit-2203 0000089	19/12/2022	297,20 €	NCC GALICIA, S.L	912	22601
22 06742	21/12/2022	341,00 €	INTEMAN S.A.	161	21300
2022 91	16/12/2022	1.060,00 €	UBALDO CERQUEIRO GARCIA	334	22602
F22ES-02919704	20/12/2022	27,41 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	920	22100
F22ES-02925397	21/12/2022	136,21 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	165	22100
0003/0000087	13/12/2022	3.442,00 €	GABRIEL FABREGAS SANTOS	920	22199
FI22 255	23/12/2022	328,94 €	MARCELINO GONZALEZ ESTEVEZ	165	21300
11373	01/12/2022	174,14 €	BIOVITAL LIGHT, S.L.	161	21300
220015	30/11/2022	175,03 €	GAS PORTEÑO, S.L.	324	21200
1,5192E+11	30/11/2022	297,80 €	GAS PORTEÑO, S.L.	324	22103
1,5192E+11	30/11/2022	299,40 €	GAS PORTEÑO, S.L.	324	22103
1,5192E+11	30/11/2022	305,80 €	GAS PORTEÑO, S.L.	324	22103
1,5192E+11	15/12/2022	299,40 €	GAS PORTEÑO, S.L.	324	22103
1220599557	15/12/2022	297,03 €	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES S.G.	334	22609
FA- 342	28/12/2022	267,67 €	HERBIN CONTROL DE PLAGAS Y AV. SL	920	22706
D01 13278	28/12/2022	392,04 €	PEYCAR PONTEVEDRA S.L.	132	22104
F22ES-02958651	28/12/2022	49,82 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	920	22100
F22ES-02958674	28/12/2022	37,73 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	920	22100
2022 033	29/12/2022	1.990,00 €	BAOBAB TEATRO, S.L.	334	22609
F22ES-02963823	28/12/2022	136,70 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	165	22100
F22ES-02963946	28/12/2022	88,51 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	165	22100
F22ES-02963973	28/12/2022	78,38 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	165	22100
F22ES-02964009	28/12/2022	12,12 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	324	22100
F22ES-02964017	28/12/2022	62,62 €	ENI PLENITUDE IBERIA, S.L.	920	22100
2022 32102131	30/12/2022	486,13 €	INDUSTRIAL DE ELEVACION S.A	920	22706
2022 32102203	30/12/2022	40,98 €	INDUSTRIAL DE ELEVACION S.A	920	22706
HI22-000016111	22/12/2022	215,02 €	VODAFONE ESPAÑA, S.A	920	22200
22 440	30/12/2022	300,51 €	ASOCIACION ASPADEX	231	22706
2022 77	29/12/2022	2.571,25 €	CONSTRUCCIONES HNOS. MEIJIDE, S.C.	920	22706
F06000R-73172	30/12/2022	6.051,69 €	SONEPAR IBERICA SPAIN, S.A.U.	165	21300
1-NOM 221026	30/12/2022	305,10 €	INES LAGO CAMPOS	231	22104
200	19/12/2022	12,00 €	MANUEL MARIÑO CAMPOS (FERRETERIA MARIVAL)	341	22609
201	19/12/2022	968,20 €	MANUEL MARIÑO CAMPOS (FERRETERIA MARIVAL)	161	21300
3067/2022	27/12/2022	239,16 €	DIANA CAROU GONZALEZ	920	22110

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

A/67	20/12/2022	86,38 €	GRUPO CABO SPORT, S.L.	334	22609
CF-009	30/12/2022	800,00 €	EDELMIRO REGUEIRA CASTAÑON	334	22609
3 28	31/12/2022	141,81 €	SEVERO ROGET ROMERO	161	21300
2022 32102216	31/12/2022	85,21 €	INDUSTRIAL DE ELEVACION, SA	920	21500
5 221315	31/12/2022	1.161,60 €	SERVICIOS INDUSTRIALES Y AMBIENTALES VIMIANZO, SL	160	22706
F 220205	31/12/2022	330,00 €	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, S.L.	920	22602
102 02200696	31/12/2022	1.054,35 €	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	1621	22706
FE22137027770559	13/12/2022	37,28 €	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	160	22100
EMI 1592022	31/12/2022	6.292,00 €	GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO, S.L.	1621	22706
EMI 1602022	03/12/2022	825,00 €	GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO, S.L.	920	22706
EMI 1582022	31/12/2022	7.187,40 €	GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO, S.L.	163	22706
F06 3657	31/12/2022	22,99 €	RECAMBIOS RAF GALICIA, S.A.	920	21400
254/22	30/12/2022	174,24 €	JOSE ROJO FONDO (ELECTROROCAR)	920	21400
89965/2022T12	21/12/2022	50,88 €	AGUSTIN OLVEIRA BENLLOCH	231	48000
13/12/2022	13/12/2022	1.559,60 €	LUIS MARIA JOSE CASTIÑEIRA INSUA	334	22609
RECT-EMIT-202231	31/07/2022	4.739,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
RECT-EMIT-202232	31/07/2022	2.991,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202233	31/07/2022	2.134,44 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202234	31/08/2022	4.739,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202235	31/08/2022	2.991,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202236	31/08/2022	813,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202237	30/09/2022	4.739,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202238	30/09/2022	2.991,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202239	30/09/2022	1.916,64 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202243	31/10/2022	4.739,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202244	31/10/2022	2.991,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202245	31/10/2022	1.916,64 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202246	30/11/2022	4.739,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202247	30/11/2022	2.991,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202248	30/11/2022	1.916,64 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202249	30/11/2022	4.739,12 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202250	31/12/2022	2.480,50 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
EMIT-202251	31/12/2022	1.916,64 €	GERMAN JOSE LEMA AMIGO	920	22700
F22ES-02999576	30/12/2022	11.167,45 €	ENI PLENITUDE IBERIA, SL	160	22100
F22ES-03009465	30/12/2022	628,45 €	ENI PLENITUDE IBERIA, SL	324	22100
F22ES-03013311	30/12/2022	563,03 €	ENI PLENITUDE IBERIA, SL	920	22100
F22ES-03013817	30/12/2022	95,38 €	ENI PLENITUDE IBERIA, SL	920	22100
F22ES-03013619	30/12/2022	366,26 €	ENI PLENITUDE IBERIA, SL	165	22100
F22ES-03014220	30/12/2022	240,95 €	ENI PLENITUDE IBERIA, SL	165	22100
F22ES-03015206	30/12/2022	112,45 €	ENI PLENITUDE IBERIA, SL	165	22100
F22ES-03015211	30/12/2022	98,40 €	ENI PLENITUDE IBERIA, SL	165	22100
F22ES-03015543	30/12/2022	69,98 €	ENI PLENITUDE IBERIA, SL	165	22100
38	31/12/2022	4.124,99 €	JOSE MANUEL ESCARIS SUAREZ	920	22706
56	29/12/2022	417,20 €	SONIA DOMINGUEZ MARCOTE	341/ 231/ 920/ 334	22609/ 2609/ 22000/ 22609
2022-109	29/12/2022	2.602,24 €	AGUAS POTABLES CORCUBION-CEE, S.L.	161	21300
2022-113	30/12/2022	15.432,60 €	AGUAS POTABLES CORCUBION-CEE, S.L.	161	22706

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

1-301	31/12/2022	4.451,87 €	ETHICAL SERVICES FOR ANIMAL, S.L.	170	22709
	TOTAL	205.333,93 €			

XGL	IMPORTE	INTERESADO	ASUNTO	PROG.	ECON.
	500,00 €	ASOCIACION COMISION DE FESTAS SAN VICENTE DE DUIO CIF: B-70.278.882	Festexos San Vicente de Duió 2022	338	480.00
	1.000,00 €	ASOCIACION DE VECIÑOS VIRXE DO CARME DE SARDIÑEIRO CIF: G-15.894.973	Festexos do Carme de Sardiñeiro 2022	338	480.00
	2.000,00 €	ASOCIACION CULTURAL, DEPORTIVA, XUVENIL ANCHOA CIF: G-15.237.092	Festa Folk 2022	338	480.00
	500,00 €	S.D. FISTERRA VETERANOS CIF:	Subvención Deportes	338	480.00
	300,00 €	COFRADIA DO DIVINO NAZARENO E DO SANTO SEPULCRO CIF: V-15.984.818	Corpus Christi 2022	341	480.00
	500,00 €	ASOCIACION PENA DE CORVOS CIF: G-10.841.203	Festa da Praia 2022	338	480.00
TOTAL	4.800,00 €				

3º) Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2023, os importes dos créditos con cargo as aplicacións orzamentaria indicados na relación anterior.

4º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura dos mandamentos contables precisos para tal finalidade.

**6º) PROPOSTA DE RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DO PROXECTO DO MERCADO CULTURAL E DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á EXCEMA. DEPUTACION PROVINCIAL.**

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que, considerando que o Pleno da Corporación na sesión que celebrou o día 11/10/2018, acordou aprobar o proxecto básico e de execución da obra denominada "Reordenación do mercado de Fisterra para uso como mercado mariñeiro e cultural", redactado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira, de data 28 de setembro de 2018, cun orzamento total de douscentos cincuenta e tres mil catrocentos setenta e cinco euros (253.475,00 €), incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, que consta no expediente, propoño ao pleno da Corporación validar a resolución da alcaldía 2023/G003/000028 e a resolución da alcaldía 2023/G003/000029, ámbalas dúas de 17/01/2023.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular, manifestando que eu recordo que no ano 2018, o concelleiro Xan Garcia dixera non vos vai dar tempo e a verdade é que incrementouse moitísimo o orzamento pero sobre este mercado teño que facer unha serie de preguntas. Quen cobra o proxecto, o arquitecto municipal?.

O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que non, non fixo o arquitecto municipal este proxecto. Este proxecto encargóuselle a Vicente Rivas Negreira.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular preguntando e canto costou o proxecto.

O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que agora mesmo non sabería dicirlle.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, contestando que pagóuselle o primeiro proxecto e agora pagóuselle o segundo, pero no prazo máis breve posible facilitarémolle esa información.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular preguntando e quen vai dirixir a obra?

O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que o ideal sería que a dirixa o arquitecto do concello.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular preguntando non se sabe canto vai dar a Deputación, douscentos?

O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que si.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular preguntando e o resto vaise financiar co remanente?

O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que si.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular manifestando que si se trata de aprobar a subvención votaremos a favor. Cando empezamos eran douscentos mil e case se facía, e agora xa estamos no medio millón.

O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que tamén nos pasou co pavillón, o que pasa e que no pavillón o que fixemos foi refinanciar a subvención de deputación e axustarnos ao 80-20 que era a partida inicial. Os prezos subiron moito e hai que recordar que o mercado xa se licitou no seu día e quedou deserta, por iso este modificado.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular manifestando que van quedar un pouco apretados con 198 prazas.

Acto seguido o pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda validar a resolución da alcaldía 2023/G003/000028 e a resolución da alcaldía 2023/G003/000029, ámbalas dúas de 17/01/2023, co seguinte contido:

1º) Aprobar o segundo modificado do proxecto básico e de execución do "Mercado Cultural" adaptación para Centro Cultural da pranta alta do mercado municipal de Fisterra, redactado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira, colexiado COAG número 1542, de data 28/12/2022, cun orzamento total de cincocentos trece mil cento trinta e catro euros e trece céntimos (513.134,13 €), incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, que consta no expediente.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Solicitar á Excema. Deputación Provincial da Coruña, unha subvención nominativa coa actuación denominada "Mercado Cultural" adaptación para Centro Cultural da pranta alta do mercado municipal de Fisterra, atendendo ao segundo modificado do proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira, colexiado COAG número 1542, de data 28/12/2022, cun orzamento total de cincocentos trece mil cento trinta e catro euros e trece céntimos (513.134,13 €).

3º) Solicitar unha subvención nominativa por un importe de douscentos mil euros (200.000,00 €), que comporta unha porcentaxe do 38,976164 % da totalidade da actuación.

4º) Aprobar o interese provincial desta actuación, no senso de que, tal e como se indica no proxecto, trátase dunha actuación dirixida a eliminar a eiva histórica deste concello de pro en marcha unha instalación onde desenvolver os programas de acción cultural, da promoción da cultura, artística, teatral, conferencias, etc.

5º) Comunicar este acordo á Excema. Deputación Provincial, para o seu coñecemento e demais efectos.

### **7º) PROPOSTA DE APROBACION, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DA TARIFA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE EN ALTA.**

EXPEDIENTE: 2023/X999/000009

Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000051 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos, de data 9/01/2023, por parte de AGUAS POTABLES CORCUBION-CEE, S.L., con CIF: B-15.083.777, co seguinte contido:

"Expediente 202200044161 SUBTEL

A escalada no incremento do prezo da enerxía eléctrica nos derradeiros meses de 2021 para o subministro no bombeo no encoro de santa Uxía, levounos á solicitar da Mancomunidade a revisión das tarifas aplicables nas taxas por abastecemento de auga potable.

No mes de xaneiro de 2022 realizamos a solicitude da revisión das tarifas, en previsión do risco da prestación do servizo a perdas, pola incerteza do prezo estable no mercado eléctrico.

A Mancomunidade solicitou entón informe á Deputación da Coruña sobre a procedencia no solicitado. Para elo remitiuse a documentación requirida, relativa a informes contables e títulos administrativos.

O informe da Deputación analiza os títulos e a procedencia destes gastos imprevisibles e o seu soporte pola xestora. Do cal resulta a prestación do servizo por debaixo dos costes de produción. Fundamentalmente debido ao coste eléctrico. Este coste non está repercutido no IPC, como si o estaría o incremento de prezos nos materiais, nos gastos sociais e noutros como o combustible de vehículos e as comunicacións.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Aquelas tarifas propostas en xaneiro do 2022 de aplicarse, non cubrirían os incrementos finais producidos no subministro eléctrico.

Por esta razón, propoñemos unhas novas tarifas que cubran os gastos de subministro eléctrico previsto e os incrementos producidos tamén noutros gastos xerais. Mantense a mesma estrutura tarifaria entre consumos mínimos (10 m3/mes), excesos sobre os 10 m3 de mínimos/mes e subministro en alta (Fisterra) ou por cisternas (Muxía).

TARIFA	Prezo €/m3
Tarifa SUBMINISTRO EN ALTA m3	0,40
Tarifa MINIMOS 10 m3/mes	0,75
Tarifa EXCESOS sobre 10 m3/mes	0,80

As tarifas propostas permitirán tamén poder realizar as obras de mantemento na rede de transporte. Das avarías existentes ou que se poidan producir no período e que non requiran da decisión da Mancomunidade, pola súa entidade, para a súa reparación e que sexan realizadas pola xestora. Serán tidas en conta na revisión das tarifas de 2024 para manter o equilibrio nas prestacións.

Na proposta do 25 de xaneiro de 2022 e na actual para 2023, consideramos a transitoriedade das tarifas propostas. Polo que para o ano 2024 compre unha nova revisión das tarifas e o seu axuste á situación real do coste da enerxía ou ao IPC ou a un cálculo de tarifa que recolla o termo do gasto no subministro eléctrico.

Por todo elo, de acordo co principio de continuidade na prestación do servizo e do equilibrio nas prestacións. Namentres non se regularice a prestación do servizo. Solicitamos da Mancomunidade Comarca de Fisterra e dos concellos que a integran que teñan por presentada a proposta de tarifas e as aproben de acordo co procedemento oportuno. Para o cal estamos a súa plena disposición.

Visto o informe emitido polo secretario-interventor accidental, de data 30/01/2023, que consta no expediente.

Intervén o Alcalde-Presidente Sr. José Marcote Suárez, manifestando que a empresa que nos subministra auga en alta, coa subida da tarifa eléctrica sufriu un incremento dos seus gastos moi grande e por iso fixo unha petición á Mancomunidade, pero como sabedes, na Mancomunidade non temos todos os concellos o mesmo sistema de xestión, nos temos un sistema e Corcubión, Cee e Dumbría teñen outro. Nós, en principio, o que fixemos foi valorar a petición dentro da Mancomunidade e chegamos a conclusión de pedir un informe a Deputación para saber en que medida deberíamos responder positivamente a esa solicitude de incremento, porque cando se colle un contrato asumes un risco e ventura. Entón mandámoslle toda a información que tiñamos e a Deputación fixo o informe e a conclusión foi que o desfase económico e tan grande porque dentro dos gastos de explotación o custo da enerxía eléctrica chega ao 90%. A empresa pide a subida transitoria das tarifas mentres o prezo da electricidade non estea en prezos asumibles. E certo que os prezos da electricidade baixaron, pero estamos falando dunha petición do ano pasado que non foi atendida polo que tratamos de calcular un prezo por metro cubico para todo este ano e incluso din que con ese prezo non asumen a totalidade do gastos pero que consideraban que poderían seguir coa explotación do servizo. O risco de non facer isto é que a empresa ten unha débeda coa banco que lles está comendo recursos e necesitan a nosa





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

aportación como a dos outros concellos para afrontar a situación e non caer nun concurso de acredores que leve a unha suspensión do servizo e que nos quedamos temporalmente sen un servizo esencial que non podemos chegar a ese extremo. Visto o informe de deputación entendemos que temos que asumir ese incremento de custo, e agora mesmo non se lle vai a repercutir aos usuarios ao ser algo transitorio, e se se vai manter no tempo teremos que revisar as tarifas. Nos como temos xestión propia, temos a capacidade de poder aprobalo nós, xa que unicamente nos serven auga en alta, en cambio Cee e Corcubión teñen que velo todo en conxunto, porque a empresa lévalles todo, incluso o cobro.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que o problema é que pasa de 174 mil euros a 334 mil euros, o dobre.

O Alcalde-Presidente Sr. José Marcote Suárez, contesta que a empresa fixo un primeiro calculo pero o prezo da enerxía seguiu multiplicándose e ao final acaban neste importe. A nos multiplícasenos o importe, pero a eles multiplicóuselles bastante mais. Temos que asumilo porque hai un informe que di que teñen razón.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que se a situación se mantén, por lei estamos obrigado a repercutilo nos recibos e aos cidadáns váiselle duplicar os recibos.

O Alcalde-Presidente Sr. José Marcote Suárez, contesta, habería que mirar a cantidade, agora mesmo, ese prezo que nos meteron, unha de dúas, ou as cousas cambian moito e volve a subir de forma salvaxe, e para o ano que ven habería que volver mirar a ver como vai a cousa con este prezo que temos agora a ver se se pode manter ou non.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que nunca baixa, mira o prezo do gasoil.

O Alcalde-Presidente Sr. José Marcote Suárez, contesta que o compromiso que se asume e ademais é a proposta da empresa, é ata o 2024. O que veña despois terase que negociar. É verdade que agora mesmo o que imos comezar é a licitar o servizo, porque temos un contrato en precario, pero tanto nos como os outros concellos. Hai que preparar os pregos e facer unha licitación do subministro en alta e a partir de aí é esa empresa a que segue co subministro ou é outra.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, preguntando e como vai saír outra cando eles teñen o subministro de Corcubión e de Cee. Un dos problemas que tivo a Mancomunidade foi que a Deputación cando fixo a infraestrutura foi para pasarlle á Mancomunidade, xa que se fixo para iso, pero o réxime de explotación é completamente diferente, co que se non se solucionou nos últimos 20 anos, aínda que saquemos a licitación, os que serven a auga son eles.

O Sr. Alcalde-Presidente Sr. José Marcote Suárez, contesta que cada concello ten que facer a súa licitación. Nos que imos licitar e a explotación do recurso porque a concesión tena a Mancomunidade, nos temos que licitar que empresa vai quitar a auga do embalse, e pode ser esta ou pode ser outra, e nese prego van ir unhas condicións administrativas e económicas e o mesmo informe de Deputación xa nos di que temos que iniciar este procedemento.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que os outros concellos terán que recuperar as instalacións.

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que nós imos a licitar o subministro en alta pero claro na xestión en baixa cada concello ten un sistema diferente.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que o estudio dos custos tamén foi para Corcubión e para Cee?

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que si, a empresa fixo un estudio xeral do que lle supoñe o subministro en alta e de aí saen as propostas, e non é a mesma para nos que para os outros concellos. Aínda que eles xestionan os recibos en Cee e Corcubión, non poden subir os recibos xa que iso é competencia dos concellos.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que nós imos propoñer deixar o asunto sobre a mesa ata que os outros concellos se pronuncien ou ata que a Mancomunidade acorde algo ao respecto.

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que non podemos, a cuestión é urxente, podemos caer nunha suspensión do servizo, porque non teñen cartos para pagar os soldos, manter as instalacións, as consecuencias ímolos sufrir nós, aínda que non sexa culpa nosa, evidentemente.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que hai empresas comarea.

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que claro que si, pero as empresas tes que contratadas, tes que facer unha licitación para adxudicar o contrato. Imos solicitar da Deputación que nos preparen os pregos, sacalo a licitación o antes posible para evitar esta situación e ao mellor isto que estamos aprobando agora non chega a estar un ano en vigor, pero claro, é urxente, todos os concellos van a levalo a pleno porque xa o falamos entre todos, e a non se que non teñan a maioría suficiente, que nese caso non sei que pasará, pero a idea é que se aprobe porque é un servizo esencial que temos que manter e temos un informe que nos di que o temos que facer. Así como outras cousas poderían quedar sobre a mesa, isto temos que aprobalo.

Acto seguido, o pleno da corporación, por seis votos en contra (4 PSOE e 2 BNG) e cinco votos a favor do grupo Popular, rexeita a proposta do grupo Popular de deixar o asunto sobre a mesa.

Seguidamente, o pleno da corporación, por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) votos en contra do grupo Popular, acorda:

1º) Proceder a elaborar os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán a licitación para a contratación do subministro en alta da auga potable, fixando o prezo por m<sup>3</sup> facturado, co fin de garantir que sexa axustado ao mercado e integra o prezo da enerxía eléctrica.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Fixar o prezo de 0,40 €/m<sup>3</sup> pola auga potable subministrada no depósito municipal (subministro en alta), para o período comprendido entre o 1/01/2023 ao 31/12/2023 (ámbolos dous incluídos).

2º) Ao remate de cada mes, a empresa emitirá a correspondente factura polos m<sup>3</sup> de auga potable subministrada, en base á lectura do contador instalado no depósito municipal.

3º) Notificar este acordo á empresa AGUAS POTABLES CORCUBION-CEE, S.L., para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **8º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.**

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2022/G003/00000555 de 28/11/2022 ata a número 2022/G003/000634 de 30/12/2022. Tamén se da conta das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2023/G003/000001 de 2/01/2023 ata a número 2023/G003/0000053 de 30/01/2023.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Ningún membro da corporación pide a palabra, polo que se pasa a tratar o último punto da orde do día.

### **9º) ROGOS E PREGUNTAS**

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular pregunta, seguimos pagando cinco mil e pico de euros a empresa de animais todos os meses.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez contesta que a factura baixou en Navidade porque baixaron os gatos, agora xa non falamos de cans, cando baixan os gatos baixa a factura aínda que agora xa estamos pagando uns prezos mais baixos pero aínda así é excesivo.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira manifestando que o normal sería que a Xunta nos mandara cartos para pagar todo isto, que nos pon unha lei encima dos concellos que non podemos soportar e facemos números para pagar todo isto. Eu animo a todo o mundo para que colla un canciño, un gatiño, e somos un dos concellos que mais



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

adopcións sacan, seguramente inflúe que paguemos o chipeado e a esterilización para que a xente non teña que desembolsar nada.

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular pregunta e onde se vai facer o mercado mentres estean as obras do muelle?

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez contesta que aí non se pode. A parte que está valada vai ser a primeira fase, polo que imos facer o mercado na praza do porto e despois cando fagan a segunda fase entraremos polo outro lado. Faise de tal forma que podamos utilizar o aparcadoiro dos pantaláns.

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular pregunta mentres duren as obras do porto apagaredes as cámaras da rúa peonil, non ?

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez contesta que non fai falta apagalas, o que se vai facer é dicirlle a empresa que deixe de facer o listado mentres duren as obras.

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifesta que en caso meses van 30.800 €

O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, pregunta apagar as cámaras de que?

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifestando que as cámaras da rúa Real, haberá que abrir esas rúas mentres duren as obras do porto.

O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG manifesta, pero poden ir por ríba, pola rúa Alcalde Fernández.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez contesta que fai falta abrir as rúas peonís ao tráfico rodado mentres duren as obras do porto.

O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG manifesta que eu non lle vexo tanta complicación, pero ... Non vexo para que se queren poñer pola praza.

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifesta pois pechadas logo.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez contesta que fai falta abrir as rúas peonís ao tráfico rodado mentres duren as obras do porto. Tampouco é tan problemático nesta época, as terrazas da rúa real tampouco teñen demasiada actividade.

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular pregunta que pasa co paseo de Sardiñeiro?

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez contesta que estiven falando con Costas e ofrecínme a facelo nos, se nos autorizaban a continuar a pequena escoller que hai no río e ao final díxome que o iban facer eles, o que pasa é que teñen que solicitar autorización a Madrid. Mentres, nos imos pouco a pouco a ir poñendo area



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

onde quitou o río e cando o mar vaia acumulando area iremos poñéndoos contra arriba onde fixo o canal o río, que por certo ese talud debe ter uns 3 metros e pico de altura, o río foi escarbando e se o deixamos chega ata a estrada xeral.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 20:35 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.